
A Xunta de Galiza incorporárase á Rede Internacional de Administracións Públicas polo Software Libre

- Actualizado (31.03.2006)

A Directora Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, D^a Elena Veiguela Martínez, manifestou a vontade da Xunta de Galiza de incorporarse á "Rede Internacional das Administracións Públicas polo Software Libre" na reunión que se celebrou hoxe con representantes da Secretaría de Telecomunicacions i Societat de la Informació da Generalitat de Catalunya, e Marcelo Branco, responsábel da "Rede Internacional das Administracións Públicas polo Software Libre" coordinada pola eneralitat de Catalunya e a "Fundació Observatori per a la Societat de la Informació de Catalunya (FOBSIC)".

A Rede nace da reunión que se celebrou en Barcelona o pasado mes de xuño na que participaron 22 administracións. Nese encontro acordouse dar continuidade á "Declaración de Barcelona para o avance do software libre" mediante a creación dunha Rede de Cooperación Internacional de Administracións Públicas para o Software Libre. As comunidades autónomas que participaron nesta reunión son Andalucía, Extremadura, Madrid, Valencia, Euskadi e Catalunya. O goberno galego será a primeira incorporación dun goberno autonómico á Rede despois do encontro de Catalunya.

O obxectivo da Rede é fortalecer as relacións político-institucionais entre aquelas administracións que teñen o compromiso de consolidar o uso do Software Libre, deixando constancia da necesidade de traballar de xeito conxunto para difundir, estimular, desenvolver e promocionar o Software Libre como unha das ferramentas máis importantes das que dispón a sociedade para transmitir o seu coñecemento.

A Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galiza desexa aproveitar e participar nas experiencias de traballo colaborativo coas outras administracións públicas presentes na Rede. A Rede inspírase na lóxica do principal motivo de éxito da comunidade do software libre: a cooperación entre as diferentes administracións públicas.

O Secretario de Telecomunicacions i Societat de la Informació da Generalitat de Catalunya, D. Oriol Ferran, celebra a incorporación á Rede da Xunta de Galiza. Ferran cree que para Galiza, que empeza agora unha nova política de fomento do Software Libre, pode ser moi útil compartir experiencias con outras administracións.

Máis información sobre a Rede: <http://www.lafarga.org/xarxa/>